

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 14.12.2023

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de decembro de 2023, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 36196 (11/PNC-003342)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina  
Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego para implementar máis servizos de atención bucodental no Servizo Galego de Saúde  
*Publicación do acordo, BOPG n.º 338, do 29.06.2022*
- 1.2 57119 (11/PNC-004794)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación da atención sanitaria no Punto de Atención Continuada de Pontearreas e nos centros de saúde da comarca do Condado-Paradanta  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 21.08.2023*
- 1.3 59199 (11/PNC-004947)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis  
Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia destinadas a afrontar as dificultades para cubrir prazas das especialidades de pediatría e de medicina de familia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 565, do 20.09.2023*
- 1.4 62135 (11/PNC-005219)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis  
Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia para seguir reforzando a atención sanitaria domiciliaria  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 595, do 15.11.2023*
- 1.5 62211 (11/PNC-005230)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da cobertura inmediata de dúas prazas  
de pediatras no Centro de Saúde do Carballiño  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 22.11.2023*

- 1.6 62714 (11/PNC-005287)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o conflito  
laboral xurdido na empresa concesionaria do servizo de operación  
telefónica da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 604, do 29.11.2023*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2023

María Corina  
Porro  
Martínez

Firmado digitalmente por María  
Corina Porro Martínez  
Nombre de reconocimiento (DN):  
cn=María Corina Porro Martínez ,  
email=corina.porro.gonzalez@par  
lamentodegalicia.es  
Fecha: 2023.12.05 16:23:23  
+01'00'

María Corina Porro Martínez  
Presidenta da Comisión





Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 05/12/2023 16:23:23



# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidenta	
María Corina Porro Martínez	P
Vicepresidenta	
Noelia Pérez López	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

## **Vogais**

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Rosalía López Sánchez	P
Marina Ortega Otero	S
José Alberto Pazos Couñago	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.12.2023

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.12.2023**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 36196(11/PNC-003342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego para  
implementar máis servizos de atención bucodental no Servizo  
Galego de Saúde

*Publicación do acordo, 338, 29.06.2022*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/06/2022 10:59:42  
Nº Rexistro: 36196  
Data envío: 20/06/2022 10:59:42.082

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A atención bucodental resulta un elemento esencial e central da atención sanitaria e da calidade de vida das persoas en termos de saúde. A súa inclusión dentro da carteira de servizos do sistema público de saúde é una carreira de longa distancia que, durante anos, ven conquerindo algúns breves avances que tratan de progresar no obxectivo final de incorporar a atención bucodental como un servizo máis do sistema público de saúde.

A incorporación nos últimos anos dun certo volume de profesionais da saúde bucodental ten constatado algún avance, con respecto aos tipos de tarefas e asistencias que realizan. Aínda así, a limitada carteira de servizos e o volume de profesionais non permitía ata o de agora ampliar o tipo de asistencia prestada.

Durante este mes de xuño, a xuntanza do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (15 de xuño, Valencia) apoiou a proposta do Ministerio de Sanidade para incorporar máis servizos á poboación en atención bucodental. A implementación dunha nova oferta máis ampla está destinada a mellorar o conxunto da saúde bucodental, así como a facilitar esta a aqueles colectivos que, por diferentes razóns, precisan de maior atención dende o sistema público como poden ser os menores ou as embarazadas, e tamén colectivos de persoas con discapacidade, pacientes oncolóxicos da zona cérvicofacial ou persoas con dificultades de mobilidade dos membros superiores.

Para esta planificación, o Ministerio de Sanidade aportou unha gran partida orzamentaria de máis de 40 millóns de euros, dos que unha parte corresponden a Galicia para permitir a implantación deste servizos.

CSM-REXISTRO-AFBPbtpP-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/06/2022 10:59:42**  
**Nº Registro: 36196**  
Data envío: 20/06/2022 10:59:42.082

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno de Galicia a implementar, coa maior brevidade, os servizos de atención bucodental nos estándares e posibilidades aprobados na xuntanza do Consello Interterritorial, dotando para elo aos servizos necesarios do Sergas dos recursos axeitados.

Pazo do Parlamento, 20 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Marina Ortega Otero  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 20/06/2022 10:55:52**

**Marina Ortega Otero na data 20/06/2022 10:56:00**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/06/2022 10:56:12**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.12.2023**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 57119(11/PNC-004794)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da situación da atención sanitaria no Punto de Atención Continuada de Ponteareas e nos centros de saúde da comarca do Condado-Paradanta

*Publicación da iniciativa, 547, 21.08.2023*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/08/2023 10:03:14  
Nº Rexistro: 57119  
Data envío: 04/08/2023 10:03:14.511

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a situación da atención sanitaria no PAC de Pontearreas e Centros de Saúde da comarca do Condado-Paradanta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde e o PAC de Pontearreas levan dous anos nunha situación de caos e de colapso, debido á non cobertura das vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións que provocou en agosto de 2021 a supresión no Centro de Saúde de Pontearreas da quenda de tarde tanto en Medicina Familiar como Pediatría.

Dende entón, moitas persoas están sen asignación de médico/a de familia, correspondentes á quenda de tarde, de maneira que son atendidas por persoal de urxencias ou por outras facultativas, unha diferente cada vez. Algunhas delas están a tomar a decisión de cambiar para a quenda de mañá se é posible, aínda que os cupos existentes cada vez son maiores, e perdendo un dereito consolidado hai décadas que facilitaba a conciliación laboral.

A falta de persoal sanitario e non sanitario agrávase na época do nadal e no verán, cando o centro funciona cun terzo do cadro de persoal, que a modo de exemplo podemos dicir que en Pontearreas só hai 7 persoas facultativas das 15 prazas en plantilla, faltando ademais un pediatra, consultan tan só de mañá, aínda que algunhas destas





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/08/2023 10:03:14**  
**Nº Rexistro: 57119**  
Data envío: 04/08/2023 10:03:14.511

profesionais teñen a súa vacante de tarde. Decisión tomada pola coordinadora do Centro de Saúde nos últimos dous anos.

Esta situación provoca grandes dificultades para contactar co centro e para conseguir citas tanto presenciais como telefónicas. O desconcerto e descoordinación na xestión diaria aumenta tamén polo cambio constante do persoal administrativo debido a baixas e outros permisos.

Coa chegada do verán, en xuño deste ano, a situación agravouse debido a falta de médicos e pediatra que sofren:

- en Salvaterra de Miño, pechado dende hai máis de dúas semanas e atendendo só as urxencias;
- nas Neves están sen Pediatra;
- o médico e o pediatra de Mondariz reparten a súa xornada con Salvaterra e no caso do pediatra tamén coas Neves e O Covelo;
- na Cañiza non hai pediatra e desvían ás familias a Arbo e As Neves (cando está o de Mondariz), falta tamén un/ha facultativa;
- en Crecente, o médico do consultorio de Valeixe está a punto de coller permiso de maternidade;
- no Covelo en breve o médico actual gozará das vacacións e están sen pediatra.

Por todo isto o centro de saúde e o PAC de Pontearreas ten que soportar numerosas urxencias da veciñanza doutros concellos por non ter atención nos seus propios centros.

CSV: REXISTRO-1ed6Vz08-8  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/08/2023 10:03:14  
Nº Rexistro: 57119  
Data envío: 04/08/2023 10:03:14.511

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta o goberno da Xunta de Galiza a:

1.- Dotar o centro de saúde e o PAC de Ponteareas do persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario necesario para substituír as Baixas Laborais, Vacacións e Permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación de Ponteareas e a súa Comarca.

2.- Cubrir as vacantes de persoal por xubilacións, traslados, incapacidades, etc., de maneira que se garanta unha atención estábel e se evite a saturación, a sobrecarga das axendas e ter que acudir ao servizo de urxencias por non dispoñer de médico ou pediatra no centro de saúde dos Concellos.”

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSX: REXISTRO-1ed6Vz08-8  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/08/2023 10:03:14**  
**Nº Rexistro: 57119**  
Data envío: 04/08/2023 10:03:14.511

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 04/08/2023 09:52:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/08/2023 09:52:45**

**Iria Carreira Pazos na data 04/08/2023 09:52:52**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/08/2023 09:53:03**

CSV REXISTRO: led6Vz08-8  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.12.2023**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 59199(11/PNC-004947)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia destinadas a afrontar as dificultades para cubrir prazas das especialidades de pediatría e de medicina de familia

*Publicación da iniciativa, 565, 20.09.2023*

### A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A día de hoxe a nosa Comunidade é, en palabras da presidenta da Sociedade de Pediatría de Galicia, a comunidade autónoma que ten a taxa máis baixa de ocupación de prazas de pediatría por parte de médicos de familia que non son especialistas.

Este feito sitúa a Galicia entre as poucas comunidades onde a atención pediátrica nos centros de saúde é realizada en case o 90% dos casos especificamente por especialistas en pediatría. Situándonos por debaixo da media nacional de ocupación de prazas de pediatría por parte de médicos de familia (25,1%) e moi por debaixo doutras comunidades como Castela – A Mancha onde os médicos de familia ocupan en torno ó 41% das prazas.

Malia esta boa situación na que se atopa Galicia, todos somos coñecedores de que no conxunto España estamos atravesando unha situación de escaseza xeral de especialistas de distintos ámbitos, entre os que destacan os especialistas de medicina de familia e os pediatras.

Esta circunstancia complica a cobertura de determinadas prazas e dificulta a substitución do persoal en determinadas situacións.





Para mellorar esta situación a Xunta de Galicia levou a cabo diferentes medidas, como manter a oferta do 100% de prazas MIR de pediatría, apostando pola formación dos sanitarios e cunha visión e planificación a longo prazo que pensa nas necesidades futuras do sistema.

Do mesmo xeito, e sendo consciente da dificultade de cobertura que algunhas prazas de pediatría de atención primaria poden ter, aprobamos neste Parlamento unha lei que habilitou á Consellería de Sanidade a convocar prazas por concurso de méritos para determinadas especialidades, entre a que destacan a medicina de familia e a pediatría de atención primaria. En virtude desta norma, e vendo o éxito da primeira convocatoria de 106 prazas de médico de familia, o pasado mes de maio, a Xunta de Galicia convocou 60 prazas de pediatra de atención primaria mediante esta modalidade.

Para continuar por este camiño téñense que estudar diferentes fórmulas sempre en constante colaboración coas sociedades de pediatría, para tentar facer máis atractivas as devanditas prazas.

Estas sociedades teñen apuntado a que un xeito de dar maior atractivo ás prazas de atención primaria podería ser facilitar a estes profesionais compaxinar a presenza no seu centro de saúde con determinadas actividades hospitalarias, como consultas especializadas ou gardas de urxencias.

Este enfoque estivo dipoñible este verán polo Servizo Galego de Saúde á hora de ofertar contratos ao persoal facultativo residente que remataba a súa formación, incluíndo unha cláusula específica que permitía fixar un máximo dun 40% da xornada noutro centro hospitalario ou de atención primaria da mesma área.



O Grupo Parlamentario Popular ve esta medida, que se adoptou de xeito extraordinario e cunha vixencia limitada, como un modelo a estender e consolidar para facilitar a cobertura de prazas nos centros de atención primaria ou nos hospitais comarcais por parte de profesionais que teñen tamén inquedaanza por participar en determinados tipos de actividade clínica que se localizan nos centros máis grandes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consolidar as medidas de flexibilización das condicións de contratación no ámbito da asistencia pediátrica para permitir a prestación de parte do servizo en centros distintos ao fixado como principal, facilitando compaxinar a actividade diaria en atención primaria ou nun hospital comarcal co desempeño doutras actividades clínicas no hospital xeral da súa área sanitaria”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 13:00:27**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 08/09/2023 13:00:50**

**María Corina Porro Martínez na data 08/09/2023 13:01:05**

**Noelia Pérez López na data 08/09/2023 13:01:19**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/09/2023 13:01:34**

**López Sánchez, Rosalía na data 08/09/2023 13:01:47**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: REGISTRO-XTM4DMjk-5  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Raquel Arias Rodríguez na data 08/09/2023 13:01:59**

CSV: REGISTRO-X71M4DNjk-5  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](#)

 [@GrupoPopularGal](#)

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.12.2023**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 62135(11/PNC-005219)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia para seguir reforzando a atención sanitaria domiciliaria

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 595, 15.11.2023*

### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de avanzar nos coidados sanitarios no fogar, no ámbito da atención primaria, aproveitando a boa experiencia acada cos equipos de soporte de atención domiciliaria.

### Exposición de motivos

Galicia é unha Comunidade que, se ben non é das máis extensas do Estado, ten unha dispersión xeográfica elevada, o que supón un reto en canto a dar unha cobertura sanitaria igual de accesible para toda a poboación.

Para ilo, a nosa Comunidade conta cunha ampla rede de centros de saúde que prestan servizo no territorio. Con esta infraestrutura sanitaria, Galicia conta con máis do dobre dos centros de saúde que nos corresponderían por poboación, permitíndonos ter unha gran capilaridade no territorio no que atención sanitaria se refire.

Co obxectivo de incrementar e mellorar a atención sanitaria, no 2023 puxéronse en marcha os equipos de soporte de atención domiciliaria (ESAD), 35 novos equipos de enfermería integrados nos servizos de atención primaria que se desprazan polas zonas rurais e semirrurais para atender ós pacientes no seu propio domicilio.

Este proxecto pioneiro, enmarcado no Plan de Acción de Atención Primaria e Comunitaria 2022-2023, busca favorecer a atención á poboación máis vulnerable, a cal presenta en moitas ocasións dificultades, por distintas causas, para acudir ó sistema público de saúde. Por este motivo os devanditos equipos actúan desprazándose ó seu



domicilio, identificando adecuadamente ós pacientes e establecendo protocolos que beneficien o traballo dos profesionais que prestan a atención.

Dende este Grupo Parlamentario cremos que, no contexto actual, o aumento da prevalencia das enfermidades crónicas e os cambios nas estrutura familiar e social, requiren unha potenciación da atención domiciliaria dentro do modelo de atención sanitaria.

Consideramos que se debe ir cara unha atención que prime a proximidade, a proactividade e a continuidade asistencial da persoa, achegando os cuidados naquelas persoas nas que a súa situación clínica ou social, o domicilio vólvese a mellor opción asistencial.

Os resultados que a Directora Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria deu neste Parlamento demostraron que a experiencia dos ESAD foi moi ben acollida polos profesionais sanitarios pero sobre todo polos pacientes que foron atendidos por estes equipos.

Por iso, dende este Grupo Parlamentario cremos que a Consellería de Sanidade debe continuar nesta senda de traballo no que a atención sanitaria se refire.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Elaborar unha estratexia de atención domiciliaria que reforce o modelo de atención no domicilio no ámbito da atención primaria .
- 2.- Seguir empregando a asistencia prestada polos equipos de soporte de atención domiciliaria (ESAD), tendo en conta os resultados obtidos por cada un deles, como recurso asistencial de apoio do Sergas para a mellora da prestación de atención sanitaria no domicilio”.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2023



**Asinado dixitalmente por:**

**José Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2023 11:41:31**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2023 11:42:02**

**María Corina Porro Martínez na data 10/11/2023 11:42:21**

**Noelia Pérez López na data 10/11/2023 11:42:35**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 10/11/2023 11:42:54**

**López Sánchez, Rosalía na data 10/11/2023 11:43:09**

**Raquel Arias Rodríguez na data 10/11/2023 11:43:21**



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.12.2023**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 62211(11/PNC-005230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da cobertura inmediata de dúas prazas de pediatras no Centro de Saúde do Carballiño

*Publicación da iniciativa, 599, 22.11.2023*





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/11/2023 17:32:59  
Nº Rexistro: 62211  
Data envío: 13/11/2023 17:32:59.248

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca encabezada polo Concello do Carballiño, que conta con máis de 14.000 habitantes no núcleo urbano e máis de 26.000 habitantes que dependen sanitariamente do centro de saúde do Carballiño.

Hai un ano os veciños e veciñas do Carballiño uníanse para reivindicar unha praza adicional de matrona no centro de saúde, así como a necesidade dunha maior cobertura de atención xinecolóxica e pediátrica.

Os servizos que se blinden nas provincias máis afectadas pola despoboación, nomeadamente Lugo e Ourense, serán parte da loita polo reto demográfico, un dos desafíos máis importantes para Galicia, tendo en conta que somos das comunidades autónomas co peor saldo vexetativo do país. Especialmente grave na provincia de Ourense, onde as persoas pensionistas xa superan ás cotizantes. A atención en pediatría é unha das áreas sanitarias máis demandadas, contando con dúas prazas que na actualidade atópanse sen cubrir en ningún dos casos na xornada completa, debido nun caso a unha xubilación e dependendo todos os menores da comarca dun único profesional que se despraza dende outro centro.

A sanidade pública é un dos servizos prioritarios e condicionantes para o benestar e asentamento da poboación. Tendo en conta que a provincia de

CSM-REXISTRO-YPhymZIA-9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/11/2023 17:32:59**  
**Nº Registro: 62211**  
Data envío: 13/11/2023 17:32:59.248

Ourense é a que peores datos demográficos e de saldo vexetativo ofrece, o goberno galego ten que exercer políticas de discriminación positiva que garanta servizos coma a sanidade pública. E máis aínda tendo en conta que as mulleres que deciden ser nais nesta provincia, e nomeadamente na comarca do Carballiño deberan ter blindados os servizos de matrona, xinecoloxía e pediatría como mínimo. Tendo en conta a carencia de pediatras nestes momentos, máis a inexistencia de pediatría polas tardes nin no servizo de urxencias, fai que a maioría de nenos e nenas teñan que recorrer ao servizo de urxencias de Ourense, moitas veces colapsado, ou á sanidade privada.

Estamos a falar dun dos núcleos máis importantes da provincia despois da cidade, en termos de poboación. É preciso que o Goberno galego acolla estas demandas que os veciños e veciñas do Carballiño están a trasladar, para así garantir servizos da sanidade pública tan importantes para afianzar poboación como estes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Sanidade, cubran ás dúas prazas de pediatría do centro de saúde do Carballiño de inmediato.

Santiago de Compostela, 10 de novembro do 2023



CSX4 REGISTRO-YPbynzTA-9

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/11/2023 17:32:59  
Nº Rexistro: 62211  
Data envío: 13/11/2023 17:52:59.248**

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 13/11/2023 17:24:57**

**Julio Torrado Quintela na data 13/11/2023 17:25:10**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/11/2023 17:25:19**

CSX4 REXISTRO-YPhymzIA-9  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

@PSdeG



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 14.12.2023**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 62714(11/PNC-005287)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria do servizo de operación telefónica da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 604, 29.11.2023*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/11/2023 17:14:04  
Nº Rexistro: 62714  
Data envío: 27/11/2023 17:14:04.759

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás medidas a tomar diante da convocatoria de folga de teleoperadores/as e locutores/as do 061.

### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante da convocatoria de folga de teleoperadores/as e locutores/as do 061.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Teleoperadores/as e locutores/as del 061 teñen convocados, desde o 25 de novembro, paros parciais no servizo diante dos incumprimentos reiterados por parte da concesionaria do servizo de operación telefónica “Fidelis Servicios Integrales”, do grupo Servizo Móvil.

O cadro de persoal leva tempo denunciando o incumprimento do convenio colectivo, en especial o artigo 25, facendo coincidir nas quendas de traballo a persoas que non teñen a experiencia necesaria establecida no contrato o que provoca que o persoal con máis experiencia teña que asumir unha sobrecarga de traballo moi

CSM-REXISTRO-21XMI5Kz-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2023 17:14:04**  
**Nº Rexistro: 62714**  
Data envío: 27/11/2023 17:14:04.759

importante, o que pode traducirse en consecuencias para a atención prestada, e fan ver que non existen elementos que expliquen esta decisión e que nunca sucedera até agora.

Diante da denuncia presentada polas/os representantes das/os traballadoras/es, polo incumprimento do convenio, diante da Inspección de Traballo, esta ditou resolución requirindo á empresa á aplicación inmediata do mesmo. A empresa non só non procedeu a acatalo, senón que ameazou coa modificación substancial das condicións de traballo da maior parte do cadro de persoal que de efectivizarse suporía máis precarización e un deterioro moi importante da prestación do servizo

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias 061 é a responsábel da externalización do servizo na empresa privada Fidelis Servicios Integrales, non pode desentenderse dos incumprimentos da mesma co seu cadro de persoal, ten a obriga de garantir que se cumpra o convenio.

A todo isto hai que sumar a fixación duns servizos mínimos por parte da Xunta do 100% do cadro de persoal, para os paros convocados. Esta decisión supón na práctica vulnerar o dereito á folga das/os traballadoras/es, ademais de poñer de manifesto a insuficiencia do cadro de persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



CSV: REXISTRO-21XMSkcz2  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/11/2023 17:14:04**  
**Nº Rexistro: 62714**  
Data envío: 27/11/2023 17:14:04.759

1.- Esixirlle á empresa “Fidelis Servicios Integrales”, do grupo Servizo Móvil, concesionaria da prestación do servizo de operación telefónica do 061, o cumprimento do convenio de centros de chamadas, en especial o seu artigo 25.

2.- Garantir o dereito á folga do cadro de persoal, e polo tanto rectificar o decreto de fixación de servizos mínimos, xa que a fixación desproporcionada do 100% do cadro de persoal, impide na práctica o dereito á folga.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2023 16:57:05**

**Iria Carreira Pazos na data 27/11/2023 16:57:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2023 16:57:20**



CSM\_REXISTRO-21XMSkczZ2

Verificación

